



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O SERVIZO GALEGO DE SAÚDE E A FEDERACIÓN GALEGA DE ENFERMEDADES RARAS E CRÓNICAS (FEGEREC) PARA A ABORDAXE FISIOTERAPÉUTICA NAS ENFERMIDADES RARAS E NEURODEXENERATIVAS

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O xerente do Servizo Galego de Saúde, **DECLARA:**

Que o Servizo Galego de Saúde formalizou, o día 27.04.2021, coa Federación Galega de Enfermedades Raras e Crónicas (FEGEREC) o instrumento convencional arriba referido cun período de vixencia desde o día seguinte ao da súa sinatura até o 31 de decembro de 2021.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

Prestar atención fisioterapéutica a persoas que padezan unha enfermidade rara e residentes en localidades alleas á sede de FEGEREC.

Os obxectivos son os seguintes:

- Favorecer o acceso de persoas que padecen unha enfermidade rara e que residen na comunidade autónoma de Galicia a rehabilitación fisioterápica de forma sostible a través de profesionais con experiencia e coñecemento específico en estas doenzas.
- Dotar de información relacionada co ámbito da fisioterapia ás persoas que padecen unha enfermidade rara e/ou crónica e as súas familias sobre a patoloxía e os seus síntomas e técnicas para o seu tratamento.
- Actuar na prevención de problemáticas afines, como alteracións circulatorias e tróficas, complicacións respiratorias, alteracións muscoesqueléticas e ortopédicas, etc.
- Acadar que as persoas afectadas logren no posible unha máxima capacidade funcional e independencia nas actividades da vida diaria (AVD), logrando así incrementar a súa calidade de vida e a das súas familias.
- Manter/mellorar a calidade de vida do paciente
- Promover traballo integral cos diferentes profesionais que interveñen no tratamento
- Favorecer adhesión ao tratamento

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución do obxectivo referido.

Que o instrumento convencional que se asina se fundamenta no seguinte:

O Servizo Galego de Saúde ten atribuídas as competencias precisas para o desenvolvemento de todas as áreas que configuran o concepto integral de saúde, xestionando a sanidade en todas as súas facetas, de conformidade co previsto no Título VI da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia.

Segundo o artigo 14 da Lei 8/2008, do 10 de xullo, as persoas diagnosticadas de enfermidades raras ou de baixa incidencia na poboación son un colectivo que deben ser obxecto de especial atención polas administracións sanitarias competentes.





Dentro do Servizo Galego de Saúde, á Subdirección Xeral de Atención Primaria correspóndelle o fomento de programas asistenciais de continuidade de coidados e de atención á cronicidade no marco das estratexias do Servizo Galego de Saúde no ámbito da atención primaria, así como potenciar a atención a domicilio e garantir maior accesibilidade e proximidade das prestacións sanitarias de atención primaria á poboación e definir e implantar.

Entre as actividades da Federación Galega de Enfermedades Raras e Crónicas se atopan aquelas que teñan como finalidade promover a integración e a mellora da calidade de vida dos colectivos afectados por enfermidades raras e crónicas de baixa prevalencia, de orixe neuromusculoesquelético, e as súas familias.

FEGEREC actualmente está integrada polas seguintes asociacións:

- Asociación Coruñesa de Esclerosis Múltiple
- Asociación de Galicia de Afectados de Retinosis Pigmentaria
- Asociación Galega de Ataxias
- Asociación Gallega contra la Atrofia Muscular
- Asociación Galega de Esclerose Lateral Amiotrófica
- Asociación Gallega contra la Fibrosis Quística
- Asociación Galega de Linfedema
- Asociación Galega de Lupus
- Delegación Gallega de la Asociación Española de la Enfermedad de Behçet
- Delegación Gallega de la Asociación Nacional Amigos Arnold Chiari
- Asociación West Galicia

FEGEREC cumpre os requisitos para obter a condición de beneficiaria recollidos no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia

Ámbalas dúas partes consideran de particular importancia e de interese público o establecemento dunha liña conxunta de actuación e colaboración para o desenvolvemento dun programa que ten por obxecto o desenvolvemento de actividades destinadas a mellorar a situación de saúde e calidade de vida das persoas afectadas por enfermidades raras e crónicas, no ámbito de actuación de FEGEREC.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de abril de 2014, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria,

